



**GALICIA  
ESCENA  
PRO**

**12-15  
XUÑO  
2017**

**SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

XUNTA DE GALICIA



# **GALICIA ESCENA PRO**

**12-15  
XUÑO  
2017**

**SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

**SALÓN  
TEATRO**

**TEATRO  
PRINCIPAL**

**FUNDACIÓN  
SGAE**

**AUDITORIO  
ABANCA**

## Luns 12

### Salón Teatro

### Fundación SGAE

SALA 2 | 11.30 H  
Caramuxo Teatro  
**Redondo**  
30 min.

SALA GERMÁN COPPINI | 12.15 H  
Mago Teto  
**Íntimo, a viaxe da miña vida**  
85 min.

14.30 H  
Encontro asistentes a  
Galicia Escena PRO

### Salón Teatro

### Auditorio Abanca

17.30 H  
Nao d'amores  
**Penal de Ocaña**  
70 min.

### Teatro Principal

19.30 H  
Teatro do Noroeste  
**Estado de graza.**  
**Epifanía da mala filla**  
90 min.

### Salón Teatro

22.30 H  
Elefante Elegante  
**Tropical**  
75 min.

### Casa das Crechas

## Martes 13

SALA GERMÁN COPPINI | 11 H  
Teatro Ghazafellos  
**Rubicundo**  
60 min.

13 H  
Las Tricotouses  
**Emoticores**  
50 min.

14.15 H  
Encontro asistentes a  
Galicia Escena PRO

BIBLIOTECA | 16.30 H  
Presentación da plataforma  
**Chivatos** a cargo de FAETEDA

17.30 H  
eme2 producións  
**A noiva de Don Quixote**  
60 min.

19.30 H  
Sarabela Teatro  
**Normas para saber vivir**  
**na sociedade actual**  
75 min.

22.30 H  
Ánxela Blanco  
**Ulises e a nena durmida,**  
**segunda travesía**  
50 min.

00.00 H  
Piscore  
**Concerto singular (e plural)**



## Mércores 14

---

### BIBLIOTECA | 10 H

Reunión da xunta directiva da Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública (reunión de carácter interno)

---

### SALA 2 | 11 H

Teatro ó cubo

**O faiado**

55 min.

---

### SALA GERMÁN COPPINI | 12.15 H

Baobab Teatro

**Pum, pum!**

50 min.

---

### 13.15 H

Encontro asistentes a

Galicia Escena PRO

---

### BIBLIOTECA | 16.30 H

Presentación da XX Fera de Teatro de Castilla y León

---

### 17.30 H

Cirk About It

**El apartamento**

50 min.

---

### 19.30 H

Pistacatro Productora de Soños

**Outono**

70 min.

---

### 22.30 H

ilMaquinario Teatro

**Resaca**

70 min.

## Xoves 15

---

### SALA GERMÁN COPPINI | 11 H

Redrum Teatro

**A nena que quería navegar**

50 min.

---

### SALA 2 | 12.15 H

Presentación de proxectos escénicos en formato *pitching*

---

### 14.30 H

Encontro asistentes a

Galicia Escena PRO

---

### 17.30 H

Os Náufragos Teatro

**Castrapo**

80 min.

---

### 19.30 H

Talía Teatro

**Ubú Rei**

70 min.

---

### 22.30 H

Teatro do Atlántico

**Helena: xuízo a unha lurpia**

60 min.





**GALICIA  
ESCENA  
PRO  
ESPECTÁCULOS**







## A COMPAÑÍA

Caramuxo Teatro é unha compañía de teatro infantil e familiar nada na Coruña no ano 2003 dirixida por Juan Rodríguez e Laura Sarasola. Traballa, ademais, nunha liña específica na creación de espectáculos para bebés.

Caramuxo crea espectáculos poéticos e visuais axeitados para gozar en familia, cunha especial responsabilidade co público máis novo.

Desde os inicios mestura diferentes técnicas: teatro de actor, monicreques, danza. A liña de traballo parte duns textos elaborados a partir da experiencia no eido educativo, tratando de ser un referente de producións de calidade, creando espectáculos nos que se consideren aspectos didácticos a nivel cultural ademais do artístico, que consigan a fidelización do público.

## CONTRATACIÓN

Laura Sarasola / Juan Rodríguez  
610 848 781 / 699 521 803  
info@caramuxoteatro.net  
www.caramuxoteatro.com

# Redondo

## CARAMUXO TEATRO

LUNS 12 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 2 | 11.30 H

*Redondo* é un espectáculo para a primeira infancia que xoga coas formas.

A Mr. Round fascínanlle todos aqueles obxectos redondos, os máis curiosos obxectos con forma de circunferencia. Un día, na súa incesante procura, atopará unha asombrosa esfera que agocha historias sorprendentes.

Unha proposta visual, case sen palabras, para gozar en familia.

Autoría: Juan Rodríguez e Laura Sarasola Pontón

Dirección: Laura Sarasola Pontón

Escenografía: Caramuxo Teatro

Iluminación: Suso Jalda

Son: Suso Jalda

Vestuario: Caramuxo Teatro

Coreografía: Laura Sarasola Pontón

Elenco: Juan Rodríguez Santiago

INFANTIL, DE 1 A 4  
ANOS APROX.

TEATRO

30 MINUTOS

CABIDA LIMITADA A  
100 PERSOAS POR  
PASE

GALICIA ESCENA PRO 2017



# INTIMO

A VIAXE DA MIÑA VIDA



# Íntimo, a viaxe da miña vida

## MAGO TETO

LUNS 12 | FUNDACIÓN SGAE |  
SALA GERMÁN COPPINI | 12.15 H

### A COMPAÑÍA

Dúas entidades de recoñecido prestixio e solvencia, dentro do mesmo sector pero con actividades claramente diferenciadas, únense para formar o equipo perfecto para unha produción de artes escénicas.

No apartado técnico, Recursos Técnicos Artísticos, empresa creada en 2003 coa intención de ofrecer todo tipo de servizos técnicos a compañías, produtoras de teatro e artes escénicas na comunidade galega, involucrándose na produción artística.

No eido artístico, o Mago Teto (Viana do Bolo, 1977), un dos magos máis veteranos e relevantes a pesar da súa xuventude e un dos perfís máis completos e orixinais da maxia polo seu humor, personalidade e nivel técnico. Habitual na televisión desde os seus comezos, goza de gran popularidade e recoñecemento, como o testemuñan os seus espectáculos tanto de rúa (*O Afiador*) como de gran formato para teatros (*A Maxia da Santa Compañía* e *Os anos 80*) e “todoterreos” como o seus clásicos *Tolemaxias* e *Perto de ti*.

### CONTRATACIÓN

Héctor Guerra  
607 384 027  
maxia@magoteto.com  
www.magoteto.com

*Íntimo* é unha viaxe, seguramente iniciática, na procura da esencia da maxia. Alguén moi especial puxo no corazón do mago Teto, cando era un cativo, a semente da maxia, e a partir dese momento medrou nel un soño. O soño de ser mago. Para conseguir cumprir ese soño, tivo que estudar, prepararse, ensaiar e esforzarse moito, pero tamén tivo que viaxar. Viaxar polos lugares onde a historia da maxia foi deixando partes da súa esencia: Viena, París, Londres... En cada lugar descobre algo da esencia da maxia, pero non todo. Deberá seguir buscando para facerse co máis esencial da maxia de todos os tempos. Pero, onde estará agora esa esencia? Se cadra na música, ou na pintura, ou, talvez, na literatura. Mais, se cadra, neste século XXI, a esencia da maxia estea realmente na ciencia: na transformación da materia, na fusión ou na fisión nuclear, no Universo, ou, quizais, nas matemáticas. Aínda que pode ser que a esencia da maxia estea nas cousas máis pequenas que nos rodean; o que pasa é que non o sabemos ver. Atopará o mago Teto a esencia da maxia? Para sabelo haberá que acompañalo na súa viaxe.

Autor: Eduardo Alonso  
Dirección: Eduardo Alonso  
Escenografía: RTA  
Deseño iluminación: RTA  
Deseño son: RTA  
Música: Héctor Guerra  
Contidos vídeo: Héctor Guerra  
Montaxe vídeo: RTA  
Deseño gráfico: KHOS  
Fotografía: Pablo Pradoss  
Elenco: Mago Teto, Jorge Prieto e  
O trasno Perello  
Produción: Mago Teto e RTA

**PÚBLICO FAMILIAR,  
A PARTIR DE 7 ANOS**

**MAXIA**

**85 MINUTOS**

**GALICIA ESCENA PRO 2017**



FOTOS: JAVIER HERRERO





## A COMPAÑÍA

No ano 2001 nace Nao d'amores, colectivo de profesionais procedentes do teatro clásico, os monicreques e a música antiga, que, baixo a dirección de Ana Zamora, desenvolve un labor de investigación e formación para a posta en escena do teatro medieval e renacentista. O punto de partida xorde do seu interese por textos que non forman parte do repertorio habitual, pero que constitúen chanzos básicos á hora de comprender a evolución da nosa historia dramática, e que permanecen á marxe da escena actual polo absurdo desaxuste entre o campo dos estudos filolóxicos e o da práctica teatral.

En 2013 crean unha liña de investigación alternativa que, baixo o nome *Nao d'amores navegando cara ao presente*, ofrece outras vías de traballo vinculadas ao ámbito contemporáneo. O seu primeiro espectáculo nesta liña é *Penal de Ocaña*, de M.J. Canellada.

## CONTRATACIÓN

Germán Herranz Solís  
625 901 570  
produccion@naodamores.com  
www.naodamores.com

# Penal de Ocaña

## NAO D'AMORES

LUNS 12 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 H

*Penal de Ocaña* é o diario de María Josefa Canellada, que, sendo estudante de Filosofía e Letras no Madrid de 1936, discípula das maiores figuras intelectuais do momento e colaboradora do *Centro de Estudios Históricos*, ve truncada a súa vida polo estalido da Guerra Civil. Nel cóntase como se entrega en corpo e alma a axudar as vítimas do conflito enrolándose como enfermeira, primeiro no hospital de Esquerda Republicana en Madrid e logo no que fora a antiga sede do penal de Ocaña, transformado naquel momento en hospital de sangue, sendo fiel aos seus principios morais por encima de intereses de carácter político, o que suporá finalmente a súa propia desaparición.

Autoría: María Josefa Canellada  
Dirección: Ana Zamora  
Adaptación: Ana Zamora  
Espazo escénico: David Faraco  
Iluminación: Miguel A. Camacho e Pedro Yagüe  
Vestuario: Deborah Macías  
Arranxos e dirección musical: Alicia Lázaro  
Elenco: Eva Rufo e Isabel Zamora

ADULTO

TEATRO


70 MINUTOS

GALICIA ESCENA PRO 2017



**Teatro do Noroeste:  
30 anos actuando**

EXPOSICIÓN aberta durante  
os días de Galicia Escena  
PRO 2017 na Igrexa da  
Universidade (Praza de  
Mazarelos, 2), de 16.30 a  
20.30 h



## A COMPAÑÍA

En 2017 Teatro do Noroeste está de aniversario: 30 anos actuando. E tamén neste ano, o seu fundador, Eduardo Alonso, recibe o María Casares de Honra, Premio Marisa Soto, a toda a súa carreira.

Creada por Luma Gómez e Eduardo Alonso, profesionais cunha dilatada experiencia teatral, comezou a súa actividade en 1987. Ten producido montaxes de textos clásicos como *Medea*, de Eurípides; *Rei Lear*, *Macbeth*, *Noite de Reis* ou *Romeo e Xulieta*, de William Shakespeare; e de autores contemporáneos, basicamente galegos, como *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro; *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado; *Campo Sur*, de Lino Braxe; ou *Glass City* (*Cidade de cristal*), de Eduardo Alonso. Recibe tamén os premios María Casares por *Imperial Café Cantante* ou premio a mellor espectáculo por *Último cowboy*.

## CONTRATACIÓN

Eva Alonso – Chiripa Producións  
636 397 722  
distribucion@chiripa.es /  
eva@teatrodonoroste.com  
www.chiripa.es  
www.teatrodonoroste.com

# Estado de grazas. Epifanía da mala filla

## TEATRO DO NOROESTE

LUNS 12 | TEATRO PRINCIPAL | 19.30 H

### Epifanía da mala filla.

A difícil relación entre unha filla que ansía a liberdade e unha nai dominada polas crenzas relixiosas máis profundas. O duro enfrontamento entre unha xeración dominada pola beatería máis contumaz e a seguinte coa liberdade por bandeira. Cando a relixión impera en todos os comportamentos humanos, resulta case imposible liberarse dese xugo. No tardofranquismo, seguramente o momento histórico en que dúas xeracións consecutivas estiveron máis distantes ideoloxicamente, catro mulleres loitan por establecer o seu lugar no mundo.

Espectáculo para a memoria histórica.

Autoría: Eduardo Alonso  
Dirección: Eduardo Alonso  
Escenografía: J. Méndez  
Iluminación: Eduardo Alonso  
Vestuario: Equipo Taetro  
Música: Chefa Alonso  
Elenco: Luma Gómez, Imma António,  
Manuela Varela e Nini True

ADULTO

TEATRO

90 MINUTOS







# Tropical

## ELEFANTE ELEGANTE

LUNS 12 | SALÓN TEATRO | 22.30 H

*Tropical* é un espectáculo sensitivo, universal e evocador que mergulla no universo da viaxe e na súa vasta riqueza de matices e dimensións. *Tropical* é un navío habitado por viaxeiros con destinos entretrecidos. Turistas, migrantes, músicos e refuxiados custodiados por unha vixiante e dilixente tripulación. Do norte ao sur, nun cruceiro sedutor, e do sur ao norte, fuxindo da fame e dos cascallos.

Na terra, paisaxes de guerras e muros. No mar, infinitas historias, desexos e soños que se cruzan. Ao ritmo das ondas, este barco invita a subir a bordo para navegar o presente cunha nova mirada.

Cunha linguaxe visual asentada na imaxe, no movemento, na música e na danza, *Tropical* é a procura da poética da viaxe desde unha Europa que naufraga no Mediterráneo.

Autoría e dirección: María Torres e Gonçalo Guerreiro

Elenco: Marta Alonso, Ánxela Blanco, Fredi Muíño, Gonçalo Guerreiro e María Torres

Música: Gonçalo Guerreiro, Antonio Romero, Rosalía Vázquez, Richi Casás, Iago Blanco, Kibitka, Juanma Ons e Manuel Ares

Vestuario: Beatriz Clara

Espazo escénico: María Torres e Gonçalo Guerreiro

Iluminación e sonoplastia: Dani Pais

Textos: María Torres e Carlos Diz

Asesoramento antropolóxico: Carlos Diz

Atrezo: Anahí Taraburelli

Técnico de escena: Javier Pérez Piñón

Deseño gráfico: Alba Farto

A PARTIR DE 12  
ANOS

TEATRO DE  
MOVIMENTO

75 MINUTOS

### A COMPAÑÍA

O Elefante Elegante crea espectáculos de teatro visual baseados no xesto e no movemento. As súas creacións buscan a universalidade e xorden da fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais.

A compañía, de orixe galego-portuguesa, está dirixida por María Torres e Gonçalo Guerreiro. Comezou como proxecto experimental no ano 2000 e del formaban parte actrices e actores de diferentes países europeos. A súa interpretación baseábase no xogo corporal co obxectivo de desenvolver unha linguaxe teatral universal. O labor rigoroso do Elefante Elegante ten sido recoñecido co premio ao mellor espectáculo nos premios María Casares 2013 e co premio ao mellor espectáculo infantil en 2017.

### CONTRATACIÓN

Agustín Bolaños  
655 447 887  
info@elefanteelegante.net  
www.elefanteelegante.net







# Rubicundo

## TEATRO GHAZAFELHOS

MARTES 13 | FUNDACIÓN SGAE |  
SALA GERMÁN COPPINI | 11 H

Todas as noites, Rubicundo sae na súa bicicleta enriba da árbore do seu xardín rumbo á noite pechada. Semella que ninguén repara neste personaxe, enfundado nun gabán e sombreiro de copa. Ninguén agás Erea, disposta a chegar ata o final daquel misterio... pois así é esta rapaza, curiosa e soñadora.

*Rubicundo* cóntanos unha fermosa historia sobre a amizade, a constancia e a poesía, abríndonos a posibilidade de perseguir os nosos soños sen límites nin distancias.

*Rubicundo* é unha obra de teatro actoral onde tres personaxes interactúan con obxectos, monicreques, bailan e cantan en directo. Coa fermosa historia de María Canosa de fondo, Ghazafellos presenta unha posta en escena chea de sorpresas, pasando pola música, os monicreques, acrobacia, claqué... unha mestura de xéneros que Ghazafellos soe propoñer para sorprender a un público familiar e facer que esta máxica historia sexa difícil de esquecer.

### A COMPAÑÍA

Teatro Ghazafellos é unha compañía nacida en Narón no ano 2006. Inicianse con pequenas obras de monicreques, contacontos e teatro de rúa e especialízanse en teatro actoral, consolidándose en pouco tempo como unha das compañías galegas de referencia para público familiar.

### CONTRATACIÓN

Emi Candal – Urdime  
619 920 335 / 981 937 424  
emicandal@urdime.net  
www.urdime.net

Autoría: Pepablo Patinho (adaptación do conto do mesmo nome de María Canosa)

Dirección: Pepablo Patinho

Adaptación: Pepablo Patinho

Escenografía: Teatro Ghazafellos

Iluminación: Ana Díaz

Son: Ana Díaz

Vestuario: Teatro Ghazafellos

Música: Gloria Mosquera e Tomi López

Elenco: Pepablo Patinho, Montse Piñón e

Jorge Casas

**A PARTIR DE 5 ANOS**

**TEATRO ACTORAL**

**60 MINUTOS**



# Emoticores

## LAS TRICOTOUSES

MARTES 13 | SALÓN TEATRO | 13 H

*Emoticores* é un espectáculo de danza onde as emocións toman forma a través das cores e o movemento e que, conxugado co son e as proxeccións audiovisuais, ten como obxectivo axudar aos rapaces e rapazas e ao seu ambiente familiar a identificar as emocións.

*Emoticores* é a nova proposta de danza de Cristina Montero & Rut Balbís, Las Tricotouses, para público familiar e concretamente para mozas e mozos de segundo ciclo de primaria (8-12 anos).

Ao igual que os adultos, os máis novos precisan espazos onde recoñecerse e expresarse afectiva e emocionalmente. É importante que a escola proporcione estes lugares de contacto e de expresión e, así, camiñar cara a un modelo educativo máis integrador, humano e creativo. Neste sentido, o traballo coas cores e o movemento preséntase como unha excelente ferramenta.

### A COMPAÑÍA

Las Tricotouses é a compañía formada por Cristina Montero e Rut Balbís. *Emoticores* (2017) é o seu terceiro espectáculo, despois de *Momento Blooming* (2014) e *Só unha excusa* (2012).

*Emoticores* foi seleccionado para o catálogo Danza a Escena 2017, Circuito de Teatros Alternativos–Danza 2017, Circuito da Rede da Comunidade de Madrid 2017.

### CONTRATACIÓN

Manu Lago  
607 186 224  
lastricotouses@gmail.com  
www.lastricotouses.com

Autoría e dirección: Rut Balbís e Cristina Montero  
Escenografía: Las Tricotouses  
Iluminación e programación audiovisual: Afonso Castro  
Son: Jas Processor  
Vestuario: Teresa Gutiérrez  
Unidade didáctica: Paula Pintos, Rut Balbís e Cristina Montero  
Elenco: Cristina Montero e Alba Fernández Cotelo  
Produción, foto e web: Manu Lago  
Vídeo: Miramemira  
Colaboran: Concello de Ferrol e Concello de Narón

**PÚBLICO FAMILIAR,  
ESPECIFICAMENTE  
8-12 ANOS**

**DANZA**

**50 MINUTOS**



GALICIA ESCENA PRO 2017



FOTOS: MARCOS PEREIRO

# A noiva de Don Quixote

EME2 PRODUCCIÓN

MARTES 13 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 H

Despois da morte de Don Quixote, as esperanzas de Dulcinea do Toboso de casar coma Deus manda están case tan desaparecidas coma o fidalgo. E aínda máis se en realidade te chamas Aldonza Lorenzo, non es dama, nova nin bela, e traballas nun mesón cervantino, nalgún lugar da Mancha.

Dulcinea dispónse a atravesar o seu particular dó no que se rebela contra o personaxe que Cervantes lle atribuíu na novela. Con humor, con ironía, con emoción e con descrenza, desvela algúns insospeitados acontecementos que non aparecen no Quixote, en especial a misteriosa historia de amor entre unha pastora que lles murmura ás ovelas e un fidalgo que le novelas de cabalarías.

Pero talvez o principal misterio sexa a verdadeira identidade que se agocha tras a propia Aldonza...

Autoría: José Luis Esteban  
 Dirección: José Carlos García  
 Tradución: Sandra Romarís Hortas  
 Escenografía: Javi Tirado  
 Iluminación: Anxo Graña  
 Son: Anxo Graña  
 Vestuario: Mari Seoane e Juan Duarte  
 Elenco: Mercedes Castro

ADULTO

TEATRO

60 MINUTOS

## A COMPAÑÍA

No camiño que iniciamos no ano 2001 tivemos como acompañantes a marabillosos profesionais e espléndidas compañías que fixeron que o traballo en equipo con eles nos enriquecese pouco a pouco. Nese ferver a modo do día a día, nese camiño de constante reinvención, mantivemos sempre un dos nosos principios fundacionais: pensar como e para os que sentan na butaca.

Últimas producións: *Get Back*, *Monólogo do imbecil*, *Jim e a illa do tesouro*, *O crédito*, *Meu Ben*, *O florido Pensil*.

## CONTRATACIÓN

JP- eme2 distribucións  
 609 457 575 / 981 534 134  
 distribucion@emedous.com  
 www.emedous.com



# Normas para saber vivir na sociedade actual

SARABELA TEATRO

MARTES 13 | TEATRO PRINCIPAL | 19.30 H

“Nacer non é complicado, morrer é moi fácil.

Vivir entre estes dous acontecementos non é necesariamente imposible”.

Escrita en 1993 por Jean Luc Lagarce, o autor contemporáneo máis representado en Francia, parte dun coñecido manual de boas maneiras escrito no século XIX pola inexistente baronesa de Staffle, quen, dunha forma sutil, dá instrucións de como debemos comportarnos.

Baixo a forma dun divertimento irónico escóndese a crítica feroz a unha sociedade que fai imposible a sinceridade. Lagarce suscita un texto irónico, cómico e en aparencia lixeiro para finalmente poñer en ridículo os nosos convencementos modernos.

Adaptada a cinco voces e con música en escena, *Normas para saber vivir na sociedade actual* fai un percorrido desde o nacemento ata a morte, cun humor orixinal e unha interpretación extraordinaria.

Autoría: Jean Luc Lagarce  
 Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda  
 Adaptación: Ánxeles Cuña Bóveda  
 Tradución: Fernando Gómez Grande e Nate Borrajo  
 Escenografía: Baltasar Patiño  
 Iluminación: Baltasar Patiño  
 Son: Vadzim Yuhnevich  
 Vestuario: Ruth D. Pereira  
 Música: Vadzim Yuhnevich  
 Elenco: Fina Calleja, Sabela Gago, Fernando Dacosta, Elena Seijo e Vadzim Yuhnevich

TODOS OS PÚBLICOS

TEATRO

75 MINUTOS

## A COMPAÑÍA

Non pretendemos facer o cómputo das pegadas deixadas por estes anos de actividade (somos compañía profesional desde 1990). Case sempre traballamos con emocións de alta intensidade, pouco doadas de trasladar da táboa ao papel.

Enchemos as nosas vidas de contido e incerteza, porque no grupo hai unha resonancia particular. O tecido interno dános calor e empúrranos a seguir. Parece ser que tan só as emocións fundamentais sobreviven no tempo.

Os nosos obxectivos: facer un teatro vivo, contemporáneo, coherente, con rigor e autocrítica. Corrixir, mellorar para anovarnos.

Na actualidade temos en cartel: *Ensaio sobre a cegueira*, de J. Saramago, *O secuestro da bibliotecaria*, de F. Calleja, e preparamos o que será a nosa nova estrea, *O rei morre*, de E. Ionesco, baixo a dirección de Ana Vallés.

## CONTRATACIÓN

Fina Calleja / María Casar  
 629 860 580 / 678 601 550  
 sarabelateatro@yahoo.es  
 www.sarabelateatro.com





# Ulises e a nena durmida, segunda travesía

ÁNXELA BLANCO

MARTES 13 | SALÓN TEATRO | 22.30 H

## A COMPAÑÍA

Ánxela Blanco, A Coruña, 1983.

Levo algo máis de dez anos navegando nas artes vivas e da escena, universo ao que cheguei dunha forma accidental e reveladora; viña da dirección e administración de empresas. Teño un pé na educación, na crianza e nas artes aplicadas a ela, ademais de soste unha práctica comunitaria, de mediación e de xestión colectiva en diferentes asociacións ou bandadas (Manicómicos, Colectivo Fume, Casa Tomada, Danesga, Sarsur, Circo de Galiza-Semente Madeleine).

Traballo de xeito continuado ou puntual para compañías e artistas como Elefante Elegante, Mónica de Nut, Fredi&Cia, Entremans, Matías Daporta, Os Bolechas, Galicia Caníbal..., na maioría como intérprete, pero tamén teño acompañado na dirección e na coreografía. Na miña faceta como creadora teño sido artista residente en diferentes espazos de Galicia e París ou Premio Injuve por Fume, desenvolvendo proxectos lentos e de investigación como *Olivia necesita verán* ou actualmente *Ulises e a nena durmida*, na súa segunda travesía.

## CONTRATACIÓN

Andrea Rico Adegá  
698 129 065 (Andrea)  
698 157 414 (Olalla)  
637 479 881 (Ánxela)  
arte@rexenerando.com  
www.anelablanco.org  
www.rexenerando.com

*Ulises e a nena durmida, segunda travesía* é unha sinfonía de corpos, voces e imaxes inspirada na traxedia grega do heroe Odiseo. É unha viaxe do mapa oficial ao territorio propio, ou un corpo navegando noutra posible historia.

O proxecto escénico, arroupado pola cooperativa galega Rexenerando, inclúe a programación expandida que demos en chamar “Arte lenta para transformar corpos e comunidades”, que pretende achegar movemento e linguaxe contemporánea a públicos e vilas implicadas cos eixos de traballo da obra: cuestionamento dos mitos, identidade sexual, roles de xénero e amor ou inclusividade. É o noso obxectivo traballar coa adolescencia e tamén con outros colectivos sensibles, na procura de teatros cheos, que evolucionen e vivos.

Dirección e interpretación: Ánxela Blanco

Asistencia de dirección e interpretación:

Natalie Schaevers

Asistencia no movemento: Andrea Quintana

Vestuario, produción e espazo escénico:

Atelier efímero (Marcia Edleditsch e Lorena Barrán)

Iluminación e espazo escénico: Afonso Castro

Música orixinal: Mónica de Nut, Mr. Krah

(Iván Rodríguez), Macarena Montesinos,

Manuel Fonte e María Move

Visuais: Rubén Vilanova

Técnico en xira: Dani Pais

Artista e obra forman parte de  
Rexenerando cooperativa galega

MAIORES DE 14  
ANOS

DANZA TEATRO

50 MINUTOS APROX.







## A COMPAÑÍA

Píscore é unha compañía de nova creación que chega para aportar música e humor á escena galega. Na mellor tradición das compañías que mesturan a excelencia musical co humor, Píscore vén cubrir este oco en Galicia na liña de recoñecidas formacións estatais.

Creada en 2016 por Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez e Pablo Cabanelas, catro músicos galegos formados cos mellores mestres galegos e internacionais, Píscore pretende mesturar a mellor música e moito humor, ritmo e comedia xestual.

Píscore é unha compañía destinada a facerse un oco a forza de orixinalidade e gargalladas.

## CONTRATACIÓN

Culturactiva  
981 582 836  
info@culturactiva.org  
www.culturactiva.org

## PÍSCORE

MARTES 13 | CASA DAS CRECHAS | 00.00 H

Que acontece cando se convoca a catro grandes solistas para un único concerto? Catro prestixiosos músicos fronte a un gran conflito: 16 baquetas e unha soa marimba. Eles están dispostos a facela soar do xeito máis orixinal e abraiante. Organizarse xa non vai ser tan doado.

Píscore achéganos a mellor música e moito humor para un concerto singular nunha proposta que se encadra na liña dos grandes espectáculos que mesturan o virtuosismo musical e os ritmos coa comedia xestual, o *clown* e a participación do público.

Dirección: Fran Rei  
Elenco: Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez e Pablo Cabanelas

TODOS OS PÚBLICOS

MUSICOMEDIA

55 MINUTOS







## A COMPAÑÍA

Teatro ó cubo xorde en 2016 a partir das forzas creativas de tres artistas: Sofía Espiñeira, Roberto Casal Mouriño e Fredi Muíño. Sofía, Roberto e Fredi fórmanse cada un en diferentes disciplinas. Co teatro actoral como eixo común, pasando pola danza, o circo, os monicreques e a música, estes tres artistas conforman unha compañía multidisciplinar. Os tres comparten, xunto con J.L. Baños de Cos, un espazo creativo que lles serve á vez de local de ensaio e lugar no que poñer en común as súas inquiredanzas. Neste espazo de convivencia e baixo este pretexto, o de sumar e formar equipo, nace a compañía Teatro ó cubo. J.L. Baños de Cos é o autor da súa ópera prima, *O faiado*, que Sofía, Roberto e Fredi traducen ao teatro baixo a dirección de Pablo Sánchez “Pablísimo”.

## CONTRATACIÓN

Emi Candal – Urdime  
619 920 335 / 981 937 424  
emicandal@urdime.net  
www.urdime.net

# O faiado

## TEATRO Ó CUBO

MÉRCORES 14 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 2 | 11 H

Vera, Roi e Anxo son tres irmáns con xeitos diferentes de ver o mundo. Tras un acontecemento familiar, que pode cambiar o curso das súas vidas, vense na necesidade de chegar a un acordo para o cal terán que confrontar o seu ideario. A trama desenvólvese no faiado da casa do seu avó, onde medraron, xogaron e soñaron, alimentados polas moitas historias que este lles contaba na súa infancia.

Autoría: J.L. Baños de Cos “Pepe”  
Dirección: Pablo Sánchez “Pablísimo”  
Escenografía: Teatro ó cubo  
Iluminación: J.L. Baños de Cos “Pepe”  
Son: J.L. Baños de Cos “Pepe”  
Vestuario: Sigrid Blanco  
Música: Sofía Espiñeira  
Elenco: Alfredo P. Muíño “Fredí”, Sofía Espiñeira e Roberto C. Mouriño

**TODOS OS PÚBLICOS  
(RECOMENDADO PARA  
MAIORES DE 5 ANOS)**

**MULTIDISCIPLINAR  
(TEATRO ACTORAL,  
MONICREQUES,  
SOMBRA CHINESCAS,  
ACROBACIA OU DANZA  
E MÚSICA EN DIRECTO)**

**55 MINUTOS**







## A COMPAÑÍA

Somos unha compañía especializada en teatro para nenos e nenas que nace en 2011 da man de Óscar Ferreira e Andrea Bayer. Temos unha filosofía, crear espectáculos de máxima calidade, apostando por unha forte poética, e promocionar a lingua galega.

Ao longo destes anos fomos creando diferentes espectáculos teatrais, moitos deles distinguidos con diversos premios e recoñecementos: *Fios* (2011), nomeado aos premios Max pola autoría teatral galega, seleccionado na X edición da Feira de Castela e León; *Babs* (2012), seleccionado en FETEN 2013; *Contos para un caldiño* (2012); *O soldadiño de chumbo* (2013); *Baila Roque baila* (2013); *Martes* (2014), seleccionado en FETEN 2015 e recomendado pola Rede de Teatros e Auditorios nacional e pola rede vasca SAREA; *Luppo* (2015), premio mellor espectáculo infantil e familiar na XVI Feira de Castela e León, recomendado pola Rede de Teatros e Auditorios nacional, pola rede vasca SAREA, pola rede andaluza e pola rede de Castela e León, e candidato aos premios Max 2016; *O lobo e a lúa* (2016), Premio Barriga Verde 2014.

# Pum, pum!

## BAOBAB TEATRO

MÉRCORES 14 | FUNDACIÓN SGAE |  
SALA GERMÁN COPPINI | 12.15 H

Marieta é unha nena coma calquera nena de 5 anos. Ela está rodeada de portas, portas que se abren e contan historias, historias que teñen música e cantan cando Marieta quere. Pero Marieta ten unha porta que garda un segredo, por iso Marieta ás veces non fala e queda calada; por iso Marieta sempre se enfada.

Autoría: Andrea Bayer  
Dirección: Óscar Ferreira  
Escenografía: Óscar Ferreira  
Iluminación: Daniel Abalo  
Son: Daniel Abalo  
Vestuario: Baobab Teatro  
Música: Davide González e Elena Paz  
Elenco: Davide González e Andrea Bayer

A PARTIR DE 5 ANOS

TEATRO

50 MINUTOS

## CONTRATACIÓN

Óscar Ferreira  
699 783 168  
contacto@baobabteatro.com  
www.baobabteatro.com







## A COMPAÑÍA

Vindos desde distintos lugares de España, os compoñentes desta compañía converxen nun mesmo punto e comparten a mesma paixón: o circo!

Cirk About It é unha compañía nova que supón todo un revulsivo no panorama circense de Castela e León, especialmente na provincia de León, onde residen e contan con espazo de ensaio, adestramento e exhibición. Cunha formación fiel á súa enorme inquietude artística, é un exemplo dunha proxección e crecemento imparables, tanto no ámbito técnico coma artístico, desde que se fundara en 2013.

Entre os seus traballos cabe destacar o seu número curto *Tres al cubo*, gañador do Festival Circada 2014, e o seu actual espectáculo, *El Apartamento*, gañador do premio ao mellor espectáculo de rúa da Feira de Teatro de Castela e León de Ciudad Rodrigo 2016 e premio FETEN 2017 ao mellor espectáculo de rúa.

## CONTRATACIÓN

María Mariño – Kandengue Arts  
698 147 660  
kandenguearts@gmail.com

# El apartamento

## CIRK ABOUT IT

MÉRCORES 14 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 H

Cando o circo é o protagonista no salón de calquera fogar, todo pode escapar da normalidade e converterse en excepcional.

Cirk About It presenta unha situación cotiá como pode ser a convivencia nun apartamento para explicar como a rutina pode romper con facilidade, simplemente engadindo unhas pingas do mellor circo.

Acrobacias, saltos, portes e equilibrios para unha prometedora compañía que evolucionou desde a peza curta *Tres al cubo*, gañadora en 2014 do premio Off Circada, para presentar agora este espectáculo.

Espectáculo fundamentado principalmente nos equilibrios e saltos acrobáticos, con pinceladas de humor, mostra un traballo corporal moi visual que atraerá a todos os públicos.

Autoría: Cirk About It  
Dirección: Alfonso Alonso (El Gran Rufus)  
Adaptación: Cirk About It  
Tradución: Cirk About It  
Escenografía: Marcos García e Paula Carrera  
Iluminación: Herminio González  
Son: Cirk About It  
Vestuario: Chelo Ruiz e Trini Arce  
Música: Varios  
Elenco: Laura Barba Ruiz, David Tornadigo Arce e Miguel Molinero García


TODOS OS PÚBLICOS

CIRCO

50 MINUTOS







## A COMPAÑÍA

Pistacatro Productora de Soños S.L. é a compañía e produtora de circo máis relevante das artes vivas en Galicia. Distribúe as súas producións propias ou algunhas outras producións que nacen da matriz creativa do proxecto Circonove, así como aquelas propostas que consideramos importantes baixo criterios de calidade e interese cultural.

Logo de dez anos desde a súa constitución, Pistacatro pretende continuar asentándose como a produtora decana das novas correntes circenses en Galicia e desde Galicia para o mundo, abrindo novos mercados e públicos. Un facilitador de profesionalización do circo na nosa terra, respectando os dereitos dos traballadores e artistas que, dalgún xeito, participan do noso proxecto.

Queremos ser un catalizador que permita a comunicación con outras persoas e proxectos para xerar cultura en coprodución ou en colaboración, manténdonos fieis á nosa complicidade co público.

Un mecano nas mans dos seus integrantes para construír soños.

## CONTRATACIÓN

Belém Brandido  
627 778 351 / 981 937 819  
distribucion@pistacatro.com  
www.pistacatro.com

# Outono

## PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS

MÉRCORES 14 | TEATRO PRINCIPAL | 19.30 H

Con motivo dos dez anos do nacemento de Pistacatro, a emblemática compañía de Novo Circo Galego dá o seu mortal máis arriscado: *Outono*, un novo espectáculo no que reúne a parte dos seus fundadores para celebrar o máis difícil aínda: facerse maior.

*Outono* é unha homenaxe aos pallasos clásicos, contada a través dunha compañía de *clowns* en plena crise. Un espello no que se miran os artistas e os seus personaxes, unha carpa caída onde se suceden as estacións. *Outono* é un espectáculo de teatro-circo con música en directo que nos relata a viaxe nostálxica de catro artistas ao seu pasado, unha celebración da amizade e dos fracasos, unha reivindicación de ser idiotas, unha ollada poética ao antigo oficio dos pallasos. Un reencontro cheo de emocións, verdade e humor.

Autoría: Pistacatro  
Dirección: Antón Coucheiro  
Adaptación: Antón Coucheiro  
Apoio á dramaturxia: Marcos Carballido  
Escenografía: Uxía Vaello  
Iluminación: Javier Quintana  
Son: Gható  
Vestuario: Uxía Vaello  
Maquillaxe: Trini F. Silva  
Música: Xabier Mera  
Produción: Belém Brandido e José Expósito  
Elenco: Aitor Garuz, Manu Lago, Natalia Outeiro "Pajarito" e Pablo Reboleiro

**TODOS OS PÚBLICOS,  
A PARTIR DE 5 ANOS**

**CIRCO-TEATRO**

**70 MINUTOS**





# Resaca

## ILMAQUINARIO TEATRO

MÉRCORES 14 | SALÓN TEATRO | 22.30 H

*Resaca* é un espectáculo multidisciplinar no que o teatro conversa coa poesía, a narración oral e a música en directo para tratar de recompoñer a historia da vida de Álex López, unha persoa común que dalgunha maneira resume e simboliza o sentir dunha xeración que continúa buscando o seu lugar nun mundo que se atopa en proceso constante de transformación e crise.

*Resaca* é o resultado dun traballo documental sobre a memoria familiar e afectiva de todos os membros de ilMaquinario Teatro a través da súa relación cunha persoa recentemente desaparecida. A reflexión sobre a súa perda activa a necesidade de salvagardar a memoria común fronte a vertixe cotiá que nos empurra cara adiante sen ter en conta a importancia do pasado.

*Resaca* foi estreado en xaneiro de 2017 e ata agora foi programado en festivais como Escenas do Cambio (Galicia), Chantiers d'Europe (París), Tercera Setmana (Valencia) ou Reclam (Castellón), así como en D'Feria (Euskadi).

Dramaturxia: Tito Asorey e Ana Carreira

Dirección: Tito Asorey

Axudantía de dirección: María Peinado

Escenografía: Laura Iturralde e Montse Piñeiro

Iluminación: José Antonio Faro "Coti"

Música orixinal: Vadim Yukhnevich

Vestuario: ilMaquinario Teatro

Textos: Tito Asorey, Ana Carreira, Melania Cruz, Fernando González, Fran Lareu,

Álex López, Laura Míguez, María Peinado e Vadim Yukhnevich

Elenco: Melania Cruz, Fernando González, Fran Lareu, Laura Míguez e Vadim Yukhnevich

ADULTO

TEATRO

70 MINUTOS

### A COMPAÑÍA

ilMaquinario Teatro é unha compañía creada no ano 2012 por Tito Asorey, Melania Cruz, Fran Lareu, Fernando González e Laura Míguez.

Tras o éxito de *O Home Almofada* (nominada a seis premios María Casares) e *Perplexo* (gañadora de cinco premios María Casares, nominada aos premios ADE e candidata aos premios Max como mellor espectáculo revelación), ilMaquinario Teatro leva interesándose desde o ano 2015 por un teatro baseado na propia biografía das persoas que conforman a compañía. Este proceso de documentación condúceos a compartir experiencias teatrais con creadores como Marco Canale, Marco Layera, o colectivo Lagartijas tiradas al Sol ou o director alemán Falk Richter. Con todos eles vaise conformando o desexo de construír un teatro que, lonxe de idear ficcións, se dirixa ao espectador utilizando outras canles máis achegadas ao feito documental e moi apegado á realidade na que vivimos.

*Resaca* é o resultado desta procura.

### CONTRATACIÓN

Carlos Martínez Carbonell

678 460 559

cmcarbonell@cremilo.es /

ilmaquinarioteatro@gmail.com

www.ilmaquinarioteatro.com

GALICIA ESCENA PRO 2017



# A nena que quería navegar

## REDRUM TEATRO

XOVES 15 | FUNDACIÓN SGAE |  
SALA GERMÁN COPPINI | 11 H.

### A COMPAÑÍA

Redrum Teatro é unha compañía teatral creada en 2009 que aposta por conxugar grandes valores da nosa escena con novos creadores cunha visión innovadora e arriscada.

Ata o de agora levamos estreado os espectáculos para adultos *A Pensión*, *Curriculum Vitae*, *Amor flexible* e *Noiteboa* e os espectáculos familiares *Moito Conto* e *Roedores*.

Na actualidade estamos a preparar o thriller *A canción do elefante*, do canadense Nicolas Billon, cun elenco de luxo formado por Ernesto Chao, Guillermo Carbajo e Susana Dans.

### CONTRATACIÓN

Guillermo Carbajo  
617 334 627 / 692 632 733  
redrumteatro@gmail.com  
redrumteatro.wixsite.com/anena

*A nena que quería navegar* é un espectáculo destinado a un público familiar, principalmente infantil, de entre 6 e 12 anos, que trata un tema que nos preocupa e que tristemente cada pouco acapara as portadas de todos os xornais, o acoso escolar ou *bullying*.

Nel contamos a historia dunha rapaza sen nome que, farta de insultos, empuurróns e illamento social, foxe da escola para non volver nunca máis. Na súa aventura atopará ao Xeadeiro, un personaxe máxico e vital que lle devolverá a autoestima perdida a base de contos, adiviñanzas, xogos e cancións, que lle ensina que dentro de cada un de nós se agocha un ser único e especial e que só crendo nas nosas capacidades seremos quen de conseguir todo o que nos propoñamos.

Traballar coa idea do reforzo positivo é unha das claves para previr o acoso escolar. Queremos que os nosos pequenos espectadores saian fortalecidos despois de asistir á representación e teñan ferramentas para previr o acoso.

Autoría: Álex Sampayo e Borja F. Caamaño  
Dirección: Álex Sampayo  
Escenografía: Álex Sampayo e Escenosest  
Iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio  
Son: Álex Sampayo  
Vestuario: Diego Valeiras  
Música: Suso Alonso  
Elenco: Laura Míguez, Guillermo Carbajo e Carlos Álvarez-Ossorio

INFANTIL, ENTRE 6  
E 12 ANOS

TEATRO MUSICAL

50 MINUTOS







## A COMPAÑÍA

**Castrapo** é a carta de presentación da compañía coruñesa, de recente creación, Os Náufragos.

Os seus integrantes, Gustavo del Río, Rebeca Vecino, Denis Gómez e Victoria Teijeiro, fan un traballo que vertebra a creación contemporánea desde a dramaturxia ata a súa posta en escena. O labor do actor/actriz na creación é o eixo fundamental da nosa proposta, así como a procura de novas linguaxes, próximas ao espectador e á actualidade.

Entendemos o teatro desde o encontro e o diálogo do equipo artístico, vinculado desde hai anos e cunha linguaxe común. Unha aposta forte tamén polos creadores galegos.

Os Náufragos nace con raíces fortes, cunha traxectoria consolidada dos seus integrantes e cunha vocación de proximidade co público.

## CONTRATACIÓN

Gustavo del Río  
639 463 730  
osnaufrogosteatro@gmail.com

# Castrapo

## OS NÁUFRAGOS TEATRO

XOVES 15 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 H

Daniel, escritor galego emigrado a Madrid, volve á terra logo da morte de seu pai, con quen non mantiña unha relación fluída. No camiño encóntrase con Rosa, que colle o mesmo tren que Daniel con destino A Coruña. Nesta viaxe a Galicia atópase co seu pasado e coa necesidade da procura das súas raíces. Unha viaxe á súa orixe.

**Castrapo** fala do que fomos e xa non somos e do que somos e xa non seremos.

Autoría: Gustavo del Río  
Escenografía: Marisa de Laiglesia  
Vestuario: Fernando Cayazzo  
Iluminación: Esther Aja  
Música: Pandereteiras Lilaina  
Asesoría dramática: Rebeca Vecino  
Deseño gráfico: Sebastián Casanova  
Promoción e distribución: Antonio Vázquez  
Produce: Os Náufragos Teatro  
Dirección: Gustavo del Río  
Elenco: Denis Gómez, Victoria Teijeiro e Gustavo del Río

*Agradecementos ao Centro Sociocultural Ágora da Coruña, Teatro Rosalía Castro e ás nosas familias, que forman parte desta volta á orixe.*

ADULTO

TEATRO

80 MINUTOS



GALICIA ESCENA PRO 2017





## A COMPAÑÍA

Talía Teatro é unha compañía creada en 1988 e que aglutina a un equipo de profesionais da escena que, baixo a dirección de Artur Trillo, acumulan anos de traballo en común e unha sintonía na forma de entender o feito teatral.

Desde os nosos inicios, perseguimos a dignificación do teatro e das artes escénicas como transmisores dos valores culturais do país.

## CONTRATACIÓN

Artur Trillo  
981 943 242 / 630 888 105  
info@taliateatro.gal  
www.taliateatro.gal

# Ubú Rei

## TALÍA TEATRO

XOVES 15 | TEATRO PRINCIPAL | 19.30 H

Tantas veces visitado o *Ubú Rei* de Alfred Jarry, desta vez poñemos os ollos para miralo desde o porto de Belfast, nunha versión que pretende conservar a distorsión sintáctica do orixinal e o seu carácter inxenuo e profundamente teatral. Nesta ocasión, Ubú O'Reilly terá como aliado a un Bordure transfigurado en Liam O'Connor para destronar o rei do porto: Dugan O'Sullivan.

Maragotas, tabaco de contrabando, os costumes ancestrais de Osetia e un cadro variado de situacións paradoxais que conforman unha historia cómica que transita veloz sobre o seu propio escenario e, ao mesmo tempo, constitúe unha visión crítica do noso presente a pesar da súa inxenuidade.

Autoría: Alfred Jarry

Versión literaria e dirección: Roberto Salgueiro

Deseño de espazo escénico, vestuario e

iluminación: Roberto Salgueiro

Deseño de maquillaxe: Martina Cambeiro

Deseño e realización de atrezo: Dani Trillo

Realización de escenografía: Dani Trillo

Realización de vestuario: Bety Sieira (Chimpos)

Fotografía e vídeo: Rubén Prieto

Comunicación: Clara Sánchez

Asistencia técnica e de vestuario: Martina Cambeiro

Produción e distribución: Artur Trillo e Auri Ferreiro

Elenco: Toño Casais, María Ordóñez, Diego Rey, Marta Ríos, Artur Trillo, Marta Lado, Dani Trillo e Rubén Prieto

ADULTO

TEATRO

70 MINUTOS





## A COMPAÑÍA

En 2016 recibe o Premio da Crítica de Galicia no apartado de Artes Escénicas.

Constituída en 1985, leva realizadas ata o momento 32 producións, entre outras: *Casa de Bonecas*, de Ibsen; *A noite das Tríbadés*, de O. Enquist; *Amor de don Perlimplín*, de Lorca; *O cerco de Leningrado*, de S. Sinisterra; *Unha primavera para Aldara*, de T. Moure; *O encoro*, de McPherson; *A raíña da beleza de Leenane*, de M. McDonagh; *Memoria de Helena e María*, de R. Salgueiro; *A charca inútil*, de D. Desola, ou *O principio de Arquímedes*, de J.M. Miró.

As súas producións, representadas por toda Galicia, teñen realizado xiras por todo o Estado e participado en numerosos festivais nacionais e internacionais, sempre en lingua galega.

Os seus espectáculos levan acadado un total de 75 nomeamentos e 31 premios de teatro en todas as categorías: interpretación feminina e masculina, dirección, escenografía, texto orixinal, versión, iluminación ou mellor espectáculo.

## CONTRATACIÓN

Eva Alonso – Chiripa Produccións  
639 397 722  
eva@chiripa.es  
www.teatroatlantico.com

# Helena: xuízo a unha lurpia

## TEATRO DO ATLÁNTICO

XOVES 15 | SALÓN TEATRO | 22.30 H

A inmortal Helena de Troia visítanos no século XXI. Xa non é “a bela Helena”, senón unha muller con sinais que falan do implacable paso do tempo; alguén que habita nun esvaradoiro emocional transitado polos intensos episodios da súa vida na que se mesturan a dor da nena violada por Teseo coa da esposa obrigada por Menelao; a paixón da amante namorada do fermoso Paris co rancor para con Zeus, o seu divino pai; a ironía ao redor de moitos dos seus contemporáneos -Aquiles, Ulises- coa impotencia ante a crueldade da guerra.

*Quen escribe a historia?* Helena diríxese cara a nós con esa interrogante, rexeitando a maneira en que foi contada a súa vida. Agora quere que escoitemos a súa versión dos feitos, sorprendéndonos cun relato apaixonado cheo de tenrura, humor, berro e dignidade.

Autoría: Miguel del Arco  
Dirección: Xúlio Lago  
Axudante de dirección: Lucía Regueiro  
Tradución: Inma López Silva  
Escenografía: Antonio F. Simón  
Iluminación: Xúlio Lago  
Son: Anxo Graña  
Vestuario: Susa Porto  
Música: Anxo Graña  
Profesora de canto: Pílocha  
Elenco: María Barcala

ADULTO

TEATRO

60 MINUTOS







# **GALICIA ESCENA PRO**

## **ACTIVIDADES PRO**



# Proxectos en formato *pitching*

XOVES 15 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 2 | 12.15 H

---

## *Elisa e Marcela*

### A PANADARÍA

*Elisa e Marcela* é unha coprodución de A Panadaria co Centro Dramático Galego.

A compañía continúa coa súa liña de creación, baseada no humor, a música e o traballo de actriz. Ademais, mantén o seu compromiso coa igualdade, formando un equipo íntegro de mulleres.

O 8 de xuño de 1901 dúas mulleres, Elisa e Marcela, casan na igrexa de San Xurxo na Coruña. Para conseguir enganar ao cura e facer oficial o seu amor, Elisa transfórmase en Mario. A voda e os posteriores sucesos que envolven a súa historia convértenas no primeiro matrimonio homosexual do que temos constancia en todo o Estado, mais tamén nunhas das mulleres máis transgresoras da historia de Galicia. Elisa e Marcela son un símbolo do desafío ás regras do binomio de xénero e da defensa dos dereitos das parellas lésbicas.

---

### CONTACTO

Areta Bolado  
650 454 549 / 626 700 444  
apanadaria@hotmail.com  
<http://apanadaria.es>

## *Chola; a it girl*

### ARTESACÍA

*Chola; a it girl* está inspirado no formato dos *shows* escénicos dos *youtubers* para poder levar a escena a realidade dunha blogueira mediática do rural galego, creando un espectáculo onde se mostren situacións relevantes sobre a realidade actual da muller.

Chola, escena tras escena, irá construíndo un complexo tecido emocional a través de reflexións sobre temas vixentes, como a búsqueda da realización persoal, o descubrimento de quen queremos ser, qué é o que representa a idea de felicidade para cada un de nós, a necesidade de conectar con outros... O obxectivo: amosar unha muller con personalidade que inconscientemente recupera o termo de "It Girl" de Elinor Glyn; ter "iso", ter un plus de personalidade e liberada de prexuízos e dos canons de beleza, amosando a plenitude que lle proporciona ser unha muller independente.

Unha idea orixinal inspirada na vida de moitas mulleres do rural, con profesións e personalidades fortes e cativadoras, desde unha proposta escénica que aúna o teatro, a música e a videocreación.

---

### CONTACTO

Laura Villaverde Carrera  
679 943 801  
artescacia@gmail.com  
[www.artescacia.com](http://www.artescacia.com)

---

## ***Burlesque night show***

### **COMPAÑÍA NELSON QUINTEIRO**

*Burlesque night show* é unha proposta só para persoas adultas trazada como unha auténtica experiencia para o espectador, que se ve envolto nunha atmosfera sensorial que aborda os seus cinco sentidos.

Precisamente desde o punto de vista da experiencia é desde onde a Compañía Nelson Quinteiro quere dar conta do xiro copernicano que teñen tomado as súas propostas desde a súa participación no programa G02WORK da Fundación Paideia e a Escola da Organización Industrial EOI.

En propostas como Portamérica Circo Cabaret (Nigrán, 2016), IX Festival Galego de Cabaret (Redondela, 2016), Mercado Modernista de Cartagena 2016, Pequeno Circo de Nadal (Rianxo, 2016) ou Pequeno Circo de Entroido (A Coruña, 2017) entra en xogo un novo modelo de produción e contidos que as converten en experiencias emocionantes.

---

### **CONTACTO**

Nelson Quinteiro Roa  
647 647 404  
nelson.quinteiro@gmail.com  
www.nelsonquinteiro.com

---

## ***Nacidas libres***

### **CONTRAPRODUCCIÓN**

Catro actrices que atravesan esas idades nas que corren o risco de desaparecer do mundo do espectáculo, fartas de non recibir ofertas de traballo, deciden autoempregarse e montar unha peza, xuntándose nunha aula de cultura, hai tempo pechada, dunha entidade bancaria que hai anos cambiou de nome. En vista de que non topan textos para catro mulleres, aventúranse a promovelos elas, encomendándollos a unha escritora nova que vive emigrada, partindo dunha noticia aparecida nos xornais: "A policía rescata tres monxas indias retidas contra a súa vontade nun convento de clausura en Santiago".

---

### **CONTACTO**

Belén Pichel / Lilian Portela  
605 263 755 / 610 106 808  
belenpichel@gmail.com  
www.contraproductions.com

# Proxectos en formato *pitching*

XOVES 15 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 2 | 12.15 H

---

## *Os golfiños e o xigante*

FANTOCHES BAJ

Na década pasada, Bao Si Shun foi considerado polo Récord Guinness o home máis alto do planeta, pero a verdadeira sona chegaríalle o día que conseguiu extraer, grazas ao seu longuísimos brazo, dúas boias de piscina do esófago dos golfiños, salvándoos así dunha morte certa. A noticia, publicada en todos os xornais do mundo, chamaba a atención non tanto por ter salvado os golfiños, que tamén, senón porque amosaba dun xeito moi gráfico a necesidade de aceptar, cada un de nós, a súa diferenza e de ser aceptados como somos.

Esta fábula de superación con final feliz foi Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques na súa modalidade infantil en 2016.

---

### CONTACTO

Emi Candal – Urdime  
619 920 335 / 981 937 424  
emicandal@urdime.net  
www.urdime.net

## *Casa O'Rei. Traxicomedia gastronómica*

IBUPROFENO TEATRO

Con *Casa O'Rei*, Ibuprofeno Teatro completa a súa triloxía gastronómica, despois de *O furancho* e de *Raclette*. Este texto de Santiago Cortegoso propón un xogo escénico a partir do *Rei Lear* de W. Shakespeare, ambientado nunha típica Casa de comidas galega.

Manolo Rei, vello e enfermo, prepara un cocido e reúne a familia. A comida sempre é unha escusa. Desta vez, para repartir a Casa entre as súas tres fillas. Pero o cocido sáelle cargado de traizón e desprezo, intragable polo amargor dun mundo novo, acedo e descoñecido, que trae do estranxeiro unha morte preconxelada e adobiada con fel. O tempo, o destino e o Burger King son implacables coa sorte dos mortais que non saben seleccionar os ingredientes axeitados para elaborar as receitas da súa vida.

Estrea, en marzo de 2018.

---

### CONTACTO

Santiago Cortegoso  
986 102 832 / 696 730 037  
ibuprofenoteatro@ibuprofenoteatro.com  
www.ibuprofenoteatro.com

---

## ***Este es de aire el otro de agua***

### **KOKOHARUKA**

*Este es de aire el otro de agua* é unha creación entre teatro-danza e a performance.

Unha reflexión sobre o noso corpo de hoxe e sobre a transformación que se está producindo: de *Homo sapiens* a *Homo* dixital.

Como nos resistimos e sucumbimos a estes cambios. Como confundimos a nosa realidade e o tempo.

Como cambian as nosas relacións e como as nosas emocións prevalecen.

---

### **CONTACTO**

Masako Hattori  
672 797 527  
masako.kokoharuka@gmail.com

---

## ***Réquiem para un monicreque***

### **OS MONICREQUES DE KUKAS**

Segundo o xurado do XII Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques edición 2016, *Marcha fúnebre para un monicreque* é unha peza deliciosa que, partindo dunha anécdota histórica operística, indaga con ironía na relación entre o escénico e o extraescénico. Con vontade desmitificadora, a peza procura unha homenaxe aos oficios técnicos das artes escénicas e observa o rol do espectador de xeito provocador e irreverente.

---

### **CONTACTO**

Isabel Rey Pousada  
981 562 734 / 609 884 630  
monicreques@hotmail.com  
www.kukas.redbiocultural.net



# Proxectos en formato *pitching*

XOVES 15 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 2 | 12.15 H

---

## **Aguratrát!**

**PÉREZ&FERNÁNDEZ**

*Aguratrát!* é unha adaptación teatral do libro *Esio Trot*, de Roald Dahl, un dos autores máis lidos da literatura infantil universal.

*Aguratrát!* é unha fermosa historia de amor e aventuras protagonizada por dúas persoas maiores, o señor Hoppy e a señora Silver. A terceira protagonista da historia é unha tartaruga, personaxe clave que dá título á peza.

*Aguratrát!* é unha obra de teatro de actor para público familiar cunha coidada posta en escena, música orixinal, baile, maxia..., que utiliza o galego e mais o inglés no texto.

*Aguratrát!* é a segunda montaxe para público familiar da compañía Pérez&Fernández, creadores de *O poder de Amabel*.

---

### **CONTACTO**

Victoria Pérez  
657 363 735  
cia.perezyfernandez@gmail.com  
www.perezyfernandez.com

## **Cranios privilexiados... ou crítica da razón perralleira**

**PRODUCCIÓNS TEATRÁIS  
EXCÉNTRICAS**

É hora de pensar; non queda outra. Pero hai moitas maneiras de facelo. Está, por exemplo, a maneira correcta de pensar e, logo, a maneira perralleira, que non por ser incorrecta é menos válida. Pensamos correctamente cando deducimos que a terra xira arredor do sol. Pero pensamos de maneira perralleira cando lle botamos á culpa de todo ao goberno. E ese é o problema. A realidade non é fácil e precisa de cranios privilexiados que saiban captar a esencia da cousa e explicala claramente. Existe a maneira correcta de explicar a cousa e, logo, a maneira perralleira. Explicamos correctamente a cousa cando dicimos que todo ten unha causa. Pero explicamos a cousa de maneira perralleira cando lle botamos a culpa de todo ao goberno. Cada quen pode ter a súa opinión, pero unha cousa non quita a outra. E ese é o espectáculo. Mofa e Befa, metidos a filósofos.

---

### **CONTACTO**

Rubén G. Pedrero  
618 752 105  
ruben.excentricas@gmail.com  
www.excentricas.net

# Presentacións

## Presentación da plataforma Chivatos

MARTES 13

SALÓN TEATRO | BIBLIOTECA | 16.30 H

Presentación do programa informático impulsado pola Federación Estatal de Asociaciones de Empresas de Teatro y Danza (FAETEDA), **Chivatos**, no que se recollen datos de teatros, espectáculos, cabida, espectadores, recadación das artes escénicas e de música en teatros públicos e privados de todo o Estado, referidos exclusivamente á actividade profesional.

## Presentación da XX Feria de Teatro de Castilla y León

MÉRCORES 14

SALÓN TEATRO | BIBLIOTECA | 16.30 H

Presentación da vixésima edición da Feria de Teatro de Castilla y León, que se desenvolverá en Ciudad Rodrigo do 22 ao 26 de agosto.

A Feria de Teatro de Ciudad Rodrigo é unha feira de carácter multidisciplinar na que teñen cabida todos os xéneros e formatos de artes escénicas.



**GALICIA  
ESCENA  
PRO**

**12-15  
XUÑO  
2017**

**SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**









Organiza:

AGADIC



Axencia Galega das  
Industrias Culturais

galicia



XUNTA  
DE GALICIA

Colaboran:



CONCELLO DE  
SANTIAGO

20 ANOS  
fundación sgae

//ABANCA

[www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)  
[www.galiciaescenapro.gal](http://www.galiciaescenapro.gal)